



Título: *Sherezade. Las Mil y Una Noches*
Autor: Florence Langevin
Traductora: Josefina Careaga
Colección: Una lectura con juegos para descubrir a los clásicos
Editorial: Akal Ediciones, Madrid, 2003
Núm. pp.: 128
Tamaño: 20,5 x 14

Non parece, de certo, infundada a impresión de que a escola, en todos os seus niveis, está a sufrir nos últimos tempos un acelerado deterioro na súa función educativa. Conformarnos, ende ben, con pensar que tal situación ten a súa causa na sociedade actual e non na natureza da propia institución, ademais de non resolver nada, é tanto como negar o carácter social desta. A escola é efectivamente o que a sociedade quere que sexa, pero esta non é allea ó que a escola define como comportamentos e actitudes sociais exemplares.

O poder da escola non é, de certo, ilimitado, nin todas as situacións sociais anormais son resultado de compracencias ou renuncias do sistema educativo. Evidentemente, pensar que o mal estudante, aquel que non se interesa por nada do que lle ofrece a escola, non está a aprender — educarse e instruírse— é non só unha inxenuidade senón un absurdo. Pero é responsabilidade da escola loitar por evitar unha marxinalidade non controlada, por evitar o perigo que representa a mar-

xinación social provocada ou favorecida pola súa incapacidade para atraer a estes "malos estudantes".

Provoca profundas irritacións, incluso en moitos daqueles mestres que, pola súa idade, son fillos dunha escola na que as cualificacións se reducían ó autorrecoñecemento de estaren en condicións de enfrontaren niveis superiores, defender a superación dun determinado nivel educativo sen pasar primeiro pola proba do suspenso/aprobado. ¿Non somos os educadores dalgún xeito vítimas da nosa propia cobiza por alcanzar un recoñecemento fácil da sociedade por uns servizos perfectamente avaliábeis a través dos logros sociais dos nosos propios alumnos? Nalgún momento, teremos que nos decatarmos da falsidade que se disimula na oposición "importancia de formar seres humanos con capacidade de reflexión e autocontrol" e o interese social da "adquisición de determinadas destrezas e dunha ampla información rigorosa". ¿Non estamos a converter en falsas opcións, tanto para o

alumno coma para o profesor, aspectos complementarios e obrigatorios dun ensino que necesariamente ten de atender a unha formación integral do individuo?

Cústanos traballo admitir que, mesmo cando a sociedade parece máis empeñada en incorporar ó sistema educativo a todos os rapaces e rapazas, con independencia das súas diferentes actitudes e aptitudes individuais, a escola se amosa menos favorable a un encontro, comprometido, cos intereses dos propios alumnos. Enténdese perfectamente a mala prensa que neste contexto, sobre todo no ámbito daqueles que se decantan abertamente pola "opción" da instrución fronte á da educación, ten a necesidade dun ensino orientado metodoloxicamente a lograr o compromiso ledo do estudante co esforzo que representa necesariamente toda aprendizaxe. Para un profesor e un estudante "serios", a promesa máis ou menos confusa dunha certa comodidade futura debe ser en si mesma a razón suficiente de cantos esforzos se lles poidan esixir para alcanzar un futuro desexado. ¿Parámonos ende ben a pensar algunha vez en que se cadra o deseño dese futuro por unha sociedade adulta e experimentada non coincide necesariamente co ideal dunha mocidade adolescente soñadora de futuros imposibles e escasamente identificada con modelos sociais baseados na seguridade e no benestar material?

Para os que aínda cremos nunha escola capaz de lle dar resposta, leda e comprometida, a unha adolescencia soñadora, creativa, con ideais de fermosos futuros... seguen chamando a nosa atención e estimulando o noso traballo coleccións litera-

rias como "Odiseas" (*Una lectura con juegos para descubrir a los clásicos*) dirixida por Anne-Catherine Vivet-Remy para Éditions Retz, en coidadas traducións ó castelán de Ediciones Akal. Pequenos volumes de 128 páxinas a través dos cales, en breves textos orixinais, divididos en breves episodios ilustrados, completados con páxinas de xogos e documentación, se lle permite ó lector descubrir os grandes mitos, que son orixe da nosa cultura, e as epopeas históricas das grandes civilizacións do pasado.

A escola, que noutros momentos abusou da proposta de modelos educativos pouco ou nada exemplares, parece empeñada actualmente en renunciar a tan perigosa metodoloxía —o exemplo dunha Historia sen reis nin xenerais pode ser perfectamente ilustrador desta preocupación—, conformándose coa crítica, máis ou menos intelixente, dos ídolos escollidos polos propios adolescentes. Ignórase, quizais, que, en calquera caso, os modelos resultan imprescindibles nestas idades e que sempre é moito máis doado para o adolescente encher baleiros ca substituír propostas pouco atractivas.

Sen dúbida, o heroe preferido é aquel que enfrenta dificultades próximas á sensibilidade e á experiencia do lector. E ¿non é precisamente esta característica a que define o heroe clásico? ¿É, se cadra, máis actual Spiderman ca Don Quixote?

O que nos propón a colección "Odiseas" é, sinxelamente, unha lectura diferente, un modo de achegamento doado e ledo a mitos e epopeas como *Los viajes de Ulises*, de Anne-Catherine Vivet-Remy;

Erik y Harald, guerreros vikingos, de Brigitte Évano; *Julio César y la Guerra de las Galias*, de Anne-Marie Zarka; *Moisés*, de Bruno Doucey ou *Isis e Osiris*, de Béatrice Bottet. Deste xeito, á vez que se pon de relevo a súa capacidade comunicativa de símbolos das situacións máis típicas da condición humana, aprovéitase para espertar a curiosidade do lector polas culturas antigas ou medievais que dalgún xeito están a condicionar moitas das nosas crenzas máis modernas e progresistas. O número 9 da colección, *Sherezade. Las Mil y Una Noches*, de Florence Långevin, traducida por Josefina Careaga e ilustrada por Alain Corbel, pode exemplificar perfectamente a técnica desta metodoloxía.

Unha adecuada selección de relatos de *Las Mil y Una Noches* —"escogidos intencionadamente entre los que tienen lugar en el mundo árabe" e eliminando, tamén intencionadamente, "aquellos cuentos máis famosos"— que intenta espertar no lector a súa curiosidade polo destino dunha cultura que durante séculos compartiu con nós a súa fonda devoción por un mundo dominado pola fantasía, a maxia, o amor, as riquezas, os soños e o azar. Textos breves pero de rigoroso contido informativo —"Documentación"— complementan cada un dos doce relatos seleccionados debuxando un completo cadro da cultura árabe clásica: "Los nombres de pila", "El gran visir", "La caligrafía", "Los

esclavos", "La hospitalidad", "Los yinns o genios", "El cadí", "El califa", "Bagdad", "El Islam", "El comercio", "El harén", "El caravansar", "Mahoma", "Los números", "El gran visir Giafar y los barmakíes", "El correo baridad", "La escritura árabe" e "Civilización".

Unha variada táboa de "Juegos" — dúas páxinas despois de cada historia— facilita, progresivamente, unha cada vez maior e máis satisfactoria penetración do lector no significado de cada relato e do seu contexto histórico, social, político, relixioso... Probas de lectura, probas de memoria, cultura xeral, xeografía, sinónimos, vocabulario, palabras mesturadas, crucigramas, completar, charadas, adiviñas... Un solucionario final intensifica o seu valor de xogo.

Aínda que os responsables da colección "Odiseas" se refiren explicitamente a lectores de idades comprendidas entre os doce e os quince anos, tanto o rigor dos seus contidos informativos —"Documentación"— como a importancia e transcendencia dos coñecementos culturais dos diferentes temas que acolle a colección permiten pensar nun público lector moito máis amplo. Será, ende ben, labor do lector ou, no seu caso, do mestre, aproveitar o pulo desta metodoloxía para alcanzar os verdadeiros froitos que se poden agardar desta clase de lecturas, situando no contexto do propio lector o seu contido e o seu contexto.

Manuel Quintáns S.
Centro Ramón Piñeiro
para a Investigación en Humanidades
Santiago de Compostela